



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.
Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime
Bustillo Bolado, Roberto
Cuiñas Gómez, Iñigo
Lantarón Caeiro, Eva M^a
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Roca Pardiñas, Javier
Romo Pérez, Vicente
Rubio Armesto, Belén
Tellado González, Fernando

PDI-A:

Costas González Xosé Henrique
García Fontán Soledad
García-Pintos Escuder Adela
González Santamaría Pedro
Llamas Nistal Martín
Pou Saracho Juan María
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Rivo López Elena
Vallejo Pousada Rafael
Vaquero Díaz M^a Beatriz

PDI-B:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos

ESTUDANTES:

Fernández Alvarado, Hadrián
Fortes Novoa, Brais
González Varela, Luis

PAS:

Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Castro Cerceda M^a Luisa
Corbacho Valencia, Juan Manuel
García Pino Antonio
García Señorán, María del Mar
Martínez Gómez, César Enrique
Pena Uris, Gloria M.
Pérez Cota Manuel
Pillado González, Esther
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 17 de xullo de 2015, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **17 de xullo de 2015** ás 10:30 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 23 de xuño de 2015.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da oferta pública de emprego do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2015.
4. Aprobación, se procede, do Programa para a contratación de persoal postdoutoral cara a intensificación investigadora do profesorado axudante doutor.
5. Aprobación, se procede, do compromiso de oportunidade de estabilización para o persoal docente e investigador con dereitos de promoción recollidos no II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.
6. Aprobación, se procede, da creación da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.
7. Aprobación, se procede, de informe favorable para a tramitación de proposta da titulación do grao en Enxeñaría Aeroespacial para o curso 2016/2017.
8. Aprobación, se procede, de informe favorable para a tramitación de modificacións de titulacións de máster para o curso 2016/2017.
9. Aprobación, se procede, de informe favorable para a tramitación de modificacións de titulacións de doutoramento para o curso 2016/2017.
10. Aprobación, se procede, do “Programa de Avaliación da Actividade Docente do Profesorado”.
11. Aprobación, se procede, do Programa de captación de talento investigador de excelencia da Universidade de Vigo.
12. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Producción de Investigación aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2014.
13. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Producción de Transferencia aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2014.
14. Aprobación, se procede, do novo Regulamento para a realización do Traballo de Fin de Grao.
15. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions.
16. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado contra o proxecto de Regulamento de réxime interno do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions.

17. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Adenda Nº1 do Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad EAN* (Colombia) para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Compostela – *Co-operation framework agreement between the Universidade de Vigo and the University of Kairouan* (Túnez) – *Specific agreement between the Universidade de Vigo and the University of Kairouan* (Túnez) – Memorando de entendemento entre a Universidade de Vigo e a *Ocean University of China, Qingdao* – Protocolo de intencións entre a Universidade de Vigo e a *Universidade de Pernambuco* (Brasil).
18. Elección de representantes na Comisión de Organización Académica e Profesorado.
- a. Sector Estudantes: 1 vacante
 - b. Sector PDI: 1 vacante
19. Elección de representantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.
- a. Sector Estudantes: 1 vacante
20. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 23 de xuño de 2015.

Tras dar comezo a sesión, o reitor indica que non se presentaron alegacións á acta.

O reitor cede a palabra a Hadrián Fernández Alvarado, quen en nome do alumno Brais Fortes Novoa, que nese momento non está presente no Consello de Goberno, solicita que no punto 18 da orde do día, no relativo á intervención que realizou Brais Fortes, se faga constar a expresión “mesmo posicionándose a prol dunha única universidade”, como rogo dirixido ao reitor.

O reitor cede a palabra a Luis González Varela, quen sinala que aínda que figura na relación de estudantes presentes no Consello de Goberno, el aínda non era daquela membro do devandito Consello e, xa que logo, non estaba presente naquela sesión.

Apróbase por asentimento con estas modificacións.

Punto 2. Informe do reitor.

O reitor pasa a informar, en primeiro lugar, dunha cuestión que cualifica de moi importante, como é o resultado da avaliación externa dos plans de viabilidade das titulacións afectadas polo Decreto de títulos. Este Decreto establecía una esixencia para manter os graos universitarios en Galicia, sobre todo os que non eran únicos no SUG, e que se traducía en acadar un mínimo de 50 alumnas/os de primeira matrícula en primeiro curso nos títulos situados nos, chamados dende a Xunta de Galicia, campus “centrais” e 45 alumnas/os nos chamados pola Xunta de Galicia campus “periféricos”. O reitor sinala que fai esta puntualización porque esta é a nomenclatura que dende a Xunta de Galicia se emprega para referirse a uns e a outros campus, pero que non compartimos nin aceptamos dende o goberno da UVigo. O reitor pasa a continuación a presentar de xeito resumido o proceso que levou á elaboración dos plans de viabilidade. Aproximadamente, un ano e medio antes o goberno da UVigo falou de forma individualizada con cada centro afectado para facer os plans de viabilidade necesarios e establecer as condicións para superar os criterios do decreto de títulos. Fixéronse traballos específicos para cada título de acordo cos/coas decanos/as, o que permitiu o contido de todos os plans de viabilidade. Finalmente, todos os plans de viabilidade foron aprobados para todas os títulos da UVigo que requirían da súa elaboración. Este é un motivo de satisfacción para o goberno da UVigo, que quere felicitar aos equipos decanais implicados polo traballo ben feito.

En relación co Campus do Mar, informa de que se reuniu o Consello Reitor das universidades da USC, UDC, UVigo e o Instituto de Oceanografía. Deuse o visto e praxe ao informe final do Campus do Mar. Esperemos acadar una valoración positiva e consolidar o selo de excelencia internacional, unha vez aprobado o plan de excelencia internacional. Hai vontade do consello reitor de continuar con este modelo, polo que seguirá adiante independentemente da posición do goberno autonómico e central.

Noutra orde de cousas, indica que os complementos autonómicos da Xunta de Galicia aínda non foron convocados. Sinala que mentres non se peche o plan de financiamento plurianual, que se está a negociar nestes momentos entre a Xunta de Galicia e as tres universidades do SUG, non se pode publicar esta convocatoria. En todo caso sinala que dende a Xunta de Galicia xa manifestou que o recoñecemento destes complementos faríase con efectos retroactivos dende 1 de xaneiro de 2015. Con esta información o reitor, advirte, pretende clarexar as dúbidas que había ao respecto e tranquilizar á comunidade universitaria.

Informa da invitación recibida pola Universidade de Vigo por parte do Ministerio de Fomento para manter unha xuntanza coa Ministra de Fomento, á que acudiu acompañado do vicerreitor do Campus de Pontevedra e o comisionado do Vigo Tecnolóxico. Esta reunión tiña como principal finalidade intensificar a relación entre o CEDEX e a UVigo o cal é especialmente importante para as agrupacións estratéxicas da UVigo. Nesta reunión, continúa, tamén se tratou un tema especialmente relevante para o Campus de Pontevedra como é poñer en uso o apeadeiro ferroviario situado nas proximidades do Campus de Pontevedra, que é clave, entre outras cousas, para acadar a certificación de “green campus” para este campus da UVigo. Conseguimos, sinala, que o Ministerio de Facenda non pechase o apeadeiro e fixamos unha folla de ruta para obter o máximo uso do mesmo. Nesta visita puidemos comprobar que a UVigo vai entrar en catro dinámicas: cooperación educativa, internacionalización de empresas, proxectos europeos no H2020, RIS3 galego e interrexional. Aproveito esta oportunidade para agradecer ao Ministerio de Fomento que vexa á UVigo como socio para traballar en proxectos estratéxicos para o Estado.

A continuación refírese ao plan galego de financiamento plurianual. Informa da reunión con representantes da Xunta de Galicia mantida recentemente, en concreto, o mércores anterior á celebración deste Consello de Goberno. Na negociación que iniciada para o novo plan a UVigo, sinala o reitor, fixou varias condicións a modo de liñas vermellas. A primeira reivindicación era que o marco do plan tiña que investir a tendencia actual. Había unha conxelación do plan que de facto supoñía unha baixada na financiación. Así pois, logramos que se pasase da conxelación a un lixeiro incremento, que se concreta con seguridade en 160 millóns de euros. Outra liña vermella vén constituída polo feito de que esiximos que a parte do financiamento estrutural se definise por criterios obxectivos, deixando atrás os criterios históricos. Pois do que aquí se trata é de financiar de forma equitativa aos cidadáns que estuden en calquera universidade do SUG. Vaise facer un estándar ligado a esta idea que vai permitir repartir o fondo básico de maneira equitativa, obxectiva e transparente. Por solidariedade coas outras universidades do SUG, a UVigo propuxo que existise un fondo de suficiencia, que viña complementar o importe da parte estrutural do plan. Cando falamos de financiación de resultados estamos a dicir que as universidades públicas deben responsabilizarse ante a cidadanía do gasto público que executan e que se financia cos impostos de todas e todos os galegos. Así é coma na UVigo e este equipo de goberno entendemos a financiación por resultados. Aspirabamos a que esta parte do plan, a relativa á financiación por resultados, acadase un 50 ou 60% do reparto dos fondos, pero inicialmente chegouse ao 40%. Toca agora estarmos atentos á definición dos indicadores por resultados que, en todo caso, debe facerse en termos relativos, sen premiar o tamaño, que ten que ver cunha sobredimensión histórica de determinadas universidades do sistema. En todo caso, sinala, hai que reducir o punto de euforia que parece ter eco nos medios de comunicación. Con diálogo e argumentación, estamos logrando que non vaíamos a peor, sen embargo, no ano 2016 imos estar obrigados a seguir contendo o gasto.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía. O vicerreitor de Economía indica que da noticia que saía en prensa xusto o día anterior á celebración deste Consello de Goberno, non é tanto que as cifras constante un incremento da financiación como o feito de que se marca unha senda de crecemento. O dato máis importante é que imos ter plan de financiamento pero é importante dende o punto de vista da xestión e estabilidade da Universidade. A segunda noticia importante, é que hai cifras. A terceira é que por fin se

acepta a proposta da UVigo de eliminar os criterios históricos no reparto estrutural. Ese reparto vai estar en función basicamente dos créditos matriculadas en cada universidade. Dende a UVigo mantemos algunha discrepancia por exemplo da discriminación positiva que se outorga á USC en relación coa docencia clínica. En todo caso, o plan de financiamento que agora mesmo está sobre a mesa e que aínda resta pechar, é un avance, en todo caso, importante. Agora ben, a lectura en relación coa filosofía do plan de financiamento non pode ser positiva. Non se aceptou a nosa proposta de que se crease un fondo de suficiencia fóra deste fondo estrutural. Como contrapartida incrementase o financiamento estrutural. Elevouse ata o 66%, deixando o 33% para o financiamento por resultados. Cada universidade, como mínimo, percibirá o que viña percibindo. Cuantitativamente pódese entender como unha compensación pero vai desnaturalizar a filosofía do plan de financiamento. Outra novidade é que mentres no plan actual o pago de complementos e sexenios formaba parte do financiamento estrutural, no novo pasa a ser parte do financiamento por resultados. Esta é unha solución coa que UVigo amosou a súa total oposición, entendendo que estes conceptos non deberan constituír en ningún caso parte do financiamento por resultados e deberan integrar a parte do financiamento estrutural. Isto tradúcese en que realmente os cartos que se van repartir por resultados dentro do plan van ser moi inferiores ao 33%. Así pois, é claramente regresivo na aposta de financiamento por resultados. Está convocada unha reunión do grupo de traballo do plan de financiamento para o día 24 deste mes no que se procederá a concretar o contido do mesmo e os seus indicadores.

Punto 3. Aprobación, se procede, da oferta pública de emprego do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2015.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen expón que no ano 2015 se poden convocar 8 prazas de profesorado permanente en función da taxa de reposición establecida na Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Dúas destas prazas deben destinarse a persoal investigador doutor que finalizase o Programa Ramón y Cajal e dispoña do certificado I3.

O pasado día 8 de xullo foi tratado este punto nunha reunión da mesa de PDI. Como xa foi indicado en ocasións anteriores, o equipo de goberno manifestou que aceptaría e asumiría como propia a proposta que a parte sindical acordase nesa mesa. Para tomar esta decisión expuxéronse as situacións que poderían verse afectadas pola mesma, particularmente a do profesorado axudante doutor que precisaría que se aplicase a taxa de reposición do ano 2015 e parte da do ano 2016 para se poder converter en profesorado contratado doutor interino. Ademais, expúxose tamén a solicitude de reincorporación dun profesor en excedencia sen reserva de posto. De producirse esta reincorporación o número de prazas a convocar sería 7.

Ante esta situación, e considerando todas as partes, buscando a mellor solución dentro do marco no que nos atopamos, acordouse que todas as prazas fosen convocadas para profesorado contratado doutor, sen destinar as mesmas en exclusiva ao profesorado axudante doutor que remata contrato e sen considerar a reincorporación solicitada.

No mes de setembro deberá decidirse o procedemento de selección das áreas nas que se fará a convocatoria.

Sen intervencións, apróbase por asentimento (**Anexo I**), coa abstención do profesor Xosé Henrique Costas.

Punto 4. Aprobación, se procede, do Programa para a contratación de persoal postdoutoral cara a intensificación investigadora do profesorado axudante doutor.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen expón que se propón un novo programa para a contratación de persoal postdoutoral dirixido a intensificar a capacidade investigadora do profesorado axudante doutor, facilitando o desenvolvemento dun proxecto de investigación básica que permita consolidar a súa experiencia profesional.

Resumindo os puntos principais desta convocatoria, propónse a realización dun proceso selectivo para cubrir un máximo de 10 contratos de 2 anos de duración, prorrogables por períodos anuais ata un máximo de 5, como persoal laboral temporal a tempo completo, na modalidade prevista no artigo 22 da Lei 14/2011, da 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Establécese como requisito a vinculación á Universidade de Vigo durante o curso 2014/2015 baixo a figura de profesorado axudante doutor, con data de finalización de contrato durante o curso 2015/2016 sen posibilidade de prórroga, e dispoñer da acreditación ANECA como profesorado contratado doutor.

Na convocatoria especifícase o procedemento para a solicitude e a documentación requirida (a excepción do prazo de solicitudes, que deberá establecerse unha vez aprobada). A selección será realizada pola comisión de investigación, que tamén será a encargada da avaliación e seguimento sobre a base dos informes presentados polas persoas contratadas.

Por último, indicar que a convocatoria foi aprobada en comisión de investigación do 13 de xullo de 2015 por 6 votos a favor e unha abstención. Así mesmo, os membros da comisión expresaron o seu pesar polo atraso sufrido na consideración desta convocatoria por este consello de goberno, motivado pola petición presentada por membros do colectivo de profesorado axudante doutor de retirar o correspondente punto da orde do día da sesión do 23 de xuño de 2015.

Apróbase por asentimento (**Anexo II**).

Punto 5. Aprobación, se procede, do compromiso de oportunidade de estabilización para o persoal docente e investigador con dereitos de promoción recollidos no II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen expón o acordo que aparece no Anexo III resaltando que se refire ao persoal que permaneza vinculado á UVigo e que, por mor das restricións actuais, non tivo a oportunidade de promoción que se recolle no convenio colectivo.

O reitor indica que por imperativo legal os convenios colectivos están suspensos, pero esta Universidade, no momento en que estea habilitado, procederá a reactivar e cumprir cos convenios colectivos, tentando proporcionar seguridade xurídica e laboral.

O reitor cede a palabra ao profesor Juan Pou Saracho, quen solicita que se incorpore neste acordo aos contratados con FEUGA.

O reitor contesta que non ha lugar.

Apróbase por asentimento (**Anexo III**) coa abstención de Luis Pérez Gómez.

Punto 6. Aprobación, se procede, da creación da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen indica que, dada a singularidade do Grao en Enxeñaría Aeroespacial, considérase necesaria a creación dun centro específico ao que asignar este título.

A creación deste centro coa denominación “Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo” foi informada favorablemente polo Claustro. A vicerreitora indica as modificacións que se propoñen sobre a memoria provisional:

1. Debe actualizarse o *Decreto de creación, reconocimiento, autorización y acreditación de universidades y centros universitarios*: RD 420/2015, de 29 de maio.
2. Debe eliminarse a referencia a que o edificio debe estar construído no ano 2018.

3. Os apartados 6, 7, 9 e 10 deben actualizarse de acordo coa información que figure na memoria definitiva do Grao, logo das correccións na memoria provisional. Particularmente debe eliminarse a referencia á asignación de materias a departamentos.

O reitor pide, pois, que se aprobe a creación da escola delegando estas correccións técnicas, así como as cuestións relativas á edición, corrección lingüística á vicerreitoría de organización académica e do profesorado.

O reitor cede a palabra Luis González Varela, representante do alumnado, quen indica que dado que a memoria non vai ser remitida de novo á xunta de titulación tras as modificacións técnicas referidas, solicita votación anunciando o seu voto en contra e explicando o sentido do mesmo. En concreto, sinala, non pode votar a favor da creación do centro baseándose nunha memoria que vai ser modificada respecto da elaborada e aprobada pola xunta de titulación.

O reitor cede a palabra ao profesor Juan Pou Saracho, quen indica non estar de acordo con eliminar do texto da memoria o cadro relativo á asignación de materias a departamentos, e os recursos humanos que en concreto se ocuparían das devanditas materias.

O reitor cede a palabra a Luis Pérez Gómez, representante do PAS, quen solicita que na RPT laboral que se vén negociando se teña en conta a anotación que figura na memoria de creación deste centro no que se refira expresamente ao aproveitamento do PAS existente para o novo centro.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen explica que non ten sentido incluír o cadro de materias coa asignación por departamento na memoria de creación dun centro. Non hai ningún lugar no documento tipo que temos que cumprimentar a tal fin no que se nos pregunte a que departamentos se asignan as materias. Por outra parte, a PDA é un documento dinámico que varía anualmente. Xa que logo, non se trata de entrar no contido do cadro, senón simplemente que non é o momento de introduci-lo, non se pode adquirir ese compromiso neste momento.

En relación coa observación de Luis Pérez Gómez, o reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen indica que estamos a facer propostas de RPT tendo en conta o escenario de futuro e, polo tanto, este novo centro.

O reitor considera que non ten sentido incluír ese cadro de asignación de materias a departamentos nunha memoria de creación dun centro. Iso non quere dicir que non se respecten os acordos da xunta de titulación. Respéctanse tanto que os cálculos económicos que aparece na memoria do título, obxecto de debate no seguinte punto da orde o día, teñen en conta precisamente o cadro o que se refiren. Non estamos negando nin desestimando nada do que a xunta de titulación aprobou, mais ao contrario.

O reitor cede a palabra ao profesor Manuel Joaquín Reigosa Roger, quen sinala que entende que as modificacións son de carácter técnico, porén pon de manifesto dúas preocupacións. A primeira é a relativa á atribución dun edificio propio para este centro. Sendo consciente de que non se pode garantir nunha memoria, considera sen embargo que habería que incluír algunha referencia que tranquilizase ás persoas implicadas. A segunda é relativa a ese cadro, sinalando que se ben non hai porque incluí-lo si sería conveniente, entende, facer referencia á intención de respectar o encargo docente acordado na xunta de titulación.

O reitor contesta que neste momento trátase de que crear o centro para asignar o título. No momento en que o título se aprobe polo Consello Galego de Universidades, e que confía en que así será, vaise dirixir á Xunta de Galicia para que esta achegue os recursos materiais necesarios para que a titulación se implante adecuadamente. Neste sentido, continúa, é coñecedor de cal é o espazo de oportunidade para pedir estes fondos e recursos. No RIS3 figura precisamente esta clase de oferta académica e a innovación que estamos desenvolvendo en Vigo. Máis alá disto, non podemos, nin nós nin ninguén, garantir neste momento un edificio propio.

O reitor cede a palabra ao profesor Juan Pou Saracho, quen lembra que na xunta de titulación votou a favor, e que dende a Escola de Industriais se estivo a traballar traballando para chegar a este punto.

Consideramos que esa táboa lle dará solidez. É consciente, coa vicerreitora, de que non ten demasiado encaixe formal, pero debe ir na memoria.

O reitor reitera que o contido da táboa se está a garantir a través da memoria económica do título.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen sinala que se aparecese ese compromiso nunha memoria estaríase furtando a capacidade de actuación dos departamentos no futuro.

O reitor cede a palabra ao representante sindical José Bienvenido Díez Ferrer, quen pregunta se a nova contratación que requirirá esta nova titulación vai consumir taxa de reposición.

O reitor contesta que mentres exista taxa de reposición temos ese límite e teremos que acudir a figuras de profesorado que nos permita contratar evitando empregar a taxa de reposición. Por exemplo, indica, se invitamos a un catedrático dunha universidade da Comunidade Autónoma de Madrid non se consume taxa de reposición. A lei actual permite a mobilidade de funcionarios sen consumir taxa de reposición. Garanto, sinala, que non van entrar esas prazas na competición da taxa de reposición. Por último, sinala, nós estamos tentando explicar que eses acordos da xunta de titulación se respectan, agora ben non se poden incluír nunha memoria acordos que se refiren a aspectos da organización docente que deben tratarse con periodicidade anual. Non lle deamos a ninguén oportunidade a que por cuestión procedimentais e meramente formais poidan poñer en problemas un título e a creación dun centro que conta co consenso da comunidade.

O reitor cede a palabra ao alumno Luis González Varela, quen indica que como membro da xunta de titulación non pode cambiar o sentido do seu voto.

O reitor cede a palabra ao profesor Juan Pou Saracho, quen indica que votará a favor pero no está de acordo con que se retire ese cadro da memoria final do centro.

Apróbase con 29 votos a favor e 1 en contra.

Punto 7. Aprobación, se procede, de informe favorable para a tramitación de proposta da titulación do grao en Enxeñaría Aeroespacial para o curso 2016/2017.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen explica que o título ten informe favorable do Claustro para a súa adscrición á Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo. A COAP emitiu informe favorable ás memorias de verificación e xustificativa, incluíndo as seguintes alegacións: (1) Debe eliminarse a adscrición de materias a departamentos, xa que non é este o momento nin o documento no que debe recollese este aspecto. (2) Debe rectificarse a táboa de créditos, xa que non é correcta. (3) Deben renomearse os módulos e incorporar os 66 ECTS en Formación Básica. As materias optativas comúns entre as dúas mencións deben tratarse como unha única materia. (4) Deben incorporarse as metodoloxías docentes nas fichas das materias. (5) Debe adaptarse a presencialidade á normativa da Universidade de Vigo. (6) Deben reasignarse as competencias xa que as básicas, transversais e xerais están asignadas a todas as materias. (7) Deben describirse as probas de avaliación, evitando a ponderación máxima dunha única proba de avaliación. (8) Debe modificarse o número máximo de recoñecementos por créditos cursados en títulos propios, así como en experiencia laboral. (9) Deben presentarse as cartas de apoio ao grao ás que se fai referencia. (10) Deben revisarse as taxas previstas.

A vicerreitora solicita que estas modificacións poidan ser incorporadas á memoria pola Vicerreitoría, atendendo á opinión académica dos integrantes da xunta de titulación do grao. A memoria económica incorpora na súa totalidade a proposta da xunta de titulación.

O reitor solicita aprobar a memoria incorporando as correccións indicadas pola COAP.

O reitor cede a palabra ao representante do alumnado Luis González Varela, quen indica que se atopa na mesma situación que no punto anterior, polo que solicita votación e anuncia o sentido do seu voto, que vai ser en contra.

O reitor cede a palabra ao profesor Juan Pou Saracho, quen insiste que nesta memoria se debe incluír o cadro de asignación de materias a departamentos, pois é algo que considera fundamental.

Apróbase con 28 votos a favor e 2 en contra.

Punto 8. Aprobación, se procede, de informe favorable para a tramitación de novas propostas de modificacións de titulacións de máster para o curso 2016/2017.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen explica que teñen informe favorable da CEP coas seguintes modificacións: (1) Deben cumprir a normativa da Universidade de Vigo sobre presencialidade. (2) Deben asignarse as horas de dedicación do profesorado en porcentaxe. (3) Deben incorporarse táboas de adaptación e cronograma de implantación cando cambie o plan de estudos. (4) Deben aportarse todos os convenios que se mencionan. (5) Debe eliminarse o profesorado externo (só profesorado universitario). (6) As porcentaxes deben especificarse en intervalos ou valores fixos, segundo o dato e segundo requira a aplicación. (7) Outras erratas e erros de redacción.

Particularmente no Máster en Bioloxía Mariña deben eliminarse os perfís, xa que só se distinguen no lugar onde se realizará o TFM.

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Aprobación, se procede, de informe favorable para a tramitación de modificacións de titulacións de doutoramento para o curso 2016/2017.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado expón brevemente que o único título que presentou memoria de modificación é o Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química, un título interuniversitario coordinado pola USC. Ten informe favorable da EIDO, polo que se solicita informe favorable para a súa tramitación.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede, do “Programa de Avaliación da Actividade Docente do Profesorado”.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado explica que o programa Docentia pretende que as universidades dispoñan dun modelo e duns procedementos para garantir a calidade do profesorado universitario e favorecer o seu desenvolvemento e recoñecemento. A partir das pautas marcadas neste programa, as universidades deberán deseñar os seus propios modelos de avaliación, que posteriormente serán certificados polas axencias tras unha fase de experimentación.

No modelo establecido por Docentia, a actividade docente analízase considerando o labor que realiza cada profesor de forma individual, a coordinación e colaboración con outros profesores na organización, planificación e desenvolvemento do ensino, así como na avaliación da aprendizaxe do alumno e os resultados obtidos.

No curso académico 2009/2010 publicouse a I Convocatoria do Programa Docentia na Universidade de Vigo. Tras o desenvolvemento do proceso remitiuse á ACSUG para a súa avaliación. A comisión de avaliación recomendou a incorporación dunha serie de melloras no procedemento.

Atendidas esas recomendacións, procédese a actualizar o Manual que describe o procedemento de acordo cos criterios e directrices establecidos por ANECA.

A vicerreitora explica a necesidade de implementar este programa para a acreditación dos títulos e para que o profesorado dispoña dunha avaliación recoñecible, para a súa promoción e a obtención de complementos.

Respecto da repercusión desta avaliación nos quinquenios, o manual non indica cando e de que modo será considerado este aspecto, quedando esta posibilidade pendente dunha avaliación de resultados e de acordos posteriores.

Na proposta figuran dous tipos de avaliación:

- Avaliación anual: Consiste na valoración anual da actividade docente dun/unha profesor/a, de xeito semellante ao VAD actual.
- Avaliación quinquenal: É voluntaria. Consiste na valoración dos 5 últimos cursos académicos da actividade docente dun/unha profesor/a.

O reitor cede a palabra á profesora Eva M.^a Lantarón Caeiro, quen pregunta se o docente ten que elixir unha materia das que imparte, sendo esa sobre a que se fará a avaliación.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen contesta que na maioría dos programas Docentia se procede á avaliación de todas, pero decidimos para aforrar tempo e traballo ao/á profesor/a que sinala a que considere mellor.

O reitor cede a palabra ao profesor Xosé Carlos Álvarez Villamarín, quen expresa a súa satisfacción polo feito de que desapareza o VAD. Felicítase de que se avance nun programa homologable e que permita a comparación. Non sei se o grao de detalle vén imposto pola ANECA, indica, e amosa o seu temor a que as veces desenvolvamos manuais moi complexos no que se refire a procedementos, tramitación, etc., xerando unha burocracia interna que desmotiva, que non permite tratar os datos adecuadamente e que provoca problemas. Traslado, continúa, á vicerreitora o interese por simplificar ao máximo esta documentación. Explica que, na súa opinión, hai moitísimos ítem que están duplicados, que poderían simplificarse, aforrando traballo á parte administrativa e ao profesorado. Por outra parte, segue, eu non sei como está a RPT e a posibilidade de que a área de calidade poida absorber o que derive de aquí. Non sei se aprobar isto non nos debería levar a pensar se a estrutura organizativa que temos é adecuada para implantala.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen indica que se seguirá a facer a avaliación anual, pois se trata dunha especie de traslado do VAD a un programa xeral. A avaliación quinquenal é o que se incorpora claramente a maiores. Nunha situación óptima, sinala, teríamos unha avaliación do 20% do profesorado anualmente para, ao cabo dos 5 anos do período poder ter avaliado a todo o profesorado. A vicerreitora considera que isto non vai ser posible pero tendo feitas as avaliacións anuais entende que a avaliación quinquenal non debería ser problemática.

O reitor cede a palabra ao profesor Juan Pou Saracho, quen pregunta se hai un plan para substituír o VAD por Docentia.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen contesta que o último VAD avaliado é o que corresponde ao curso 2013/2014 e que, en principio, non se farían máis avaliacións conforme ao sistema actual do VAD.

O reitor cede a palabra ao representante sindical Jose Bienvenido Diez Ferrer, quen solicita que o contido deste programa se presente o antes posible na mesa de negociación.

O reitor cede a palabra ao profesor Jaime Alonso Carrera, quen indica que entendendo que este programa e o seu contido vén imposto dende instancias superiores, votará en contra do mesmo por dous motivos. En primeiro lugar, porque descoñece cal é realmente a filosofía do programa e a súa finalidade. Así, continúa, se o que se pretende é avaliar a calidade está en contra do deseño deste programa porque se está a fixar exclusivamente nos *inputs* pero non nos *outputs* e, polo tanto, dificilmente se poderá así medir adecuadamente a calidade real do traballo do profesorado. En segundo lugar, pola carga burocrática que

este programa conleva, pois considera que o control da calidade entrou nunha “espiral” hoxe inasumible para o profesorado. Por todo isto, reitera, votará en contra do mesmo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen contesta sinalando que a maior parte do contido neste programa Docentia é o xa contemplado no VAD, polo tanto non vai supoñer en ningún caso unha maior carga de traballo para cada docente en particular. E isto amosando o seu acordo coa idea de que o tempo que se lle ten que dedicar neste momento por parte do profesorado á medición e control da calidade é excesivo.

O reitor cede a palabra ao profesor Manuel Joaquín Reigosa Roger, quen reflexiona sinalando ata cando imos permitir que sigan primando unha serie de procesos e mecanismos de medición teórica da calidade dos que descoñecemos cara onde nos levan, nin os resultados que nos proporcionan. Sería interesante, apunta, unha reflexión compartida sobre se o estamos a facer ben ou simplemente nos estamos a deixar levar polo que fan outro ou polo que habitualmente se fai. Solicita do goberno da Universidade unha postura política máis incisiva que tente mudar o rumbo nesta materia. Bota en falta unha actuación destinada a tentar deter á ANECA ou ACSUG nesta marcha cara a medición da calidade.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen contesta sinalando que esa reflexión se ten feito reiteradamente e se segue a facer en todos os foros nos que hai oportunidade, e que se lle ten feito chegar á ANECA, á ACSUG, dende esta e dende outras universidades. En relación con este programa Docentia que agora se somete aquí á consideración do Consello de Goberno e, á súa aprobación, hai que sinalar que constitúe un claro exemplo da resistencia desta facultade a adoptar sen máis os procesos de medición de calidade que nos veñen impostos dende outras instancias, pois somos unha das últimas universidades en propoñer implantalo. Neste momento, por responsabilidade cos nosos docentes e cos nosos títulos, xa non podemos adialo máis.

O reitor cede a palabra ao profesor Manuel Joaquín Reigosa Roger, quen indica que, sen embargo, ao profesorado non chega esa “loita”, esa “resistencia”. Considera que hai que ir máis lonxe.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen indica que esta situación e a existencia destes procesos, incluso os ítem e contidos dos mesmos veñen marcados a nivel, xa, global, polo que é realmente difícil abstraerse.

O reitor cede a palabra ao profesor Xosé Carlos Álvarez Villamarín, quen critica a excesiva burocracia que este sistema implica e a errática óptica dos ítem que se conteñen no programa. Manifesta descoñecer a solución para saír desta voráxine, pero sinala que o único que estes procesos crean son problemas e malestar entre o persoal da Universidade. Indica que a ACSUG debера entender isto e, no caso de que así non sexa, a UVigo terá que pensar en deixar a ACSUG.

O reitor cede a palabra a Federico Pérez Mato, quen indica que considera que os procesos de avaliación son útiles e interesantes. Iso non quere dicir que estean ben deseñados. Así, na súa opinión, o proceso en si mesmo considerado é construtivo e no seu conxunto positivo, de forma tal que non se pode ver só a parte negativa.

O reitor toma a palabra para explicar que efectivamente este punto conleva un debate político de fondo. Entende, continúa dicindo, que o profesorado se sinta nesta materia vencido, pero el como reitor non se sente nin se considera vencido. É certo que algúns reitores doutras universidades fixeron dos procesos de avaliación da calidade bandeira, pero outros, entre os que el se conta, sempre tivemos un discurso crítico con estes procesos e estas formas de avaliar a calidade, tendo en conta que ademais o deseño de medición da calidade se puxo en mans de persoas alleas á universidade. A loita contra este novo paradigma resultou difícil polo feito, como dixo antes, de que moitos reitores se amosaron favorables e de que o Ministro de Educación se negou a consensuar cos reitores estes procesos e métodos de medición. O reitor amosa o seu compromiso a modificar estes sistemas de avaliación da calidade na medida en que sexa posible.

Apróbase (**Anexo IV**) con 26 votos a favor, 1 en contra e 1 abstención.

Punto 11. Aprobación, se procede, do Programa de captación de talento investigador de excelencia da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia.

A vicerreitora de Investigación e Transferencia explica que a Universidade de Vigo ten demostrado un claro compromiso coa excelencia en todas as súas facetas de actividade, e moi especialmente no relativo á promoción da investigación e a transferencia de coñecemento en todos os ámbitos. O progreso de calquera institución neste eido, cara a acadar unha posición de liderado e un recoñecemento nacional e internacional, require a posta en marcha de estratexias axeitadas para a captación e retención de talento investigador. Existen claros exemplos, tanto nacionais como estranxeiros, de estruturas de I+D+i de éxito probado e indubidable, nas que o desenvolvemento de programas ambiciosos para a incorporación de persoal investigador de moi alto nivel curricular e prestixio internacional foi, e segue sendo, fundamental para acadar e manter unha posición de preeminencia.

Durante os últimos anos, a Universidade de Vigo apoiou e puxo en marcha programas orientados á captación de persoal investigador e á consolidación da súa actividade dentro das liñas de investigación desenvolvidas na Universidade. Estes programas foron deseñados co obxectivo principal de complementar e dar continuidade a outros promovidos polas administracións autonómica ou estatal. Con todo, ata o momento non fora abordada ningunha acción específica para a captación de persoal investigador de moi alto nivel curricular, destacado non so pola súa excelencia e liderado científico, senón polo impacto da súa investigación e o recoñecemento internacional dentro do grupo dos e das mellores do seu campo. Este é precisamente o obxectivo do presente programa, que pretende facilitar a incorporación á nosa universidade de persoal investigador de moi alto nivel e de calquera área de coñecemento, que poida impulsar un salto cualitativo nos resultados de I+D+i e o posicionamento internacional da institución.

O programa ofrece inicialmente dous contratos de cinco anos de duración, como persoal laboral temporal a tempo completo, na modalidade de investigador/a distinguido/a prevista no artigo 23 da Lei 14/2011, de 11 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Na convocatoria especificanse os requisitos dos solicitantes e o procedemento de solicitude. Tamén se detalla o procedemento de avaliación e selección, instrumentalizado internamente a través dunha comisión de selección, aínda que baseado principalmente na avaliación por expertos externos ao sistema universitario galego, de recoñecido prestixio internacional e nivel curricular igual ou superior ao requirido aos solicitantes. Tamén se especifica a avaliación intermedia do persoal contratado.

Por último, indicar que a convocatoria foi aprobada por unanimidade en Comisión de Investigación do 13 de xullo de 2015.

O reitor cede a palabra ao profesor Jaime Alonso Carrera, quen felicita ao equipo de goberno e á vicerreitora pola iniciativa, ao tempo que lamenta que esa non proveña do goberno da Comunidade Autónoma de Galicia. A continuación pregunta se esta convocatoria se vai limitar por ámbitos.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia, quen contesta que non vai haber limitacións por ámbitos.

O reitor cede a palabra ao profesor Manuel Joaquín Reigosa Roger, quen considera que é unha nova bastante triste que o goberno autonómico non tome a iniciativa neste tipo de convocatorias. Así, sinala, noutras comunidades autónomas, como en Catalunya e en Euskadi, os seus gobernos autonómicos decatáronse de que estes programas non só eran rendibles polo feito de que os investigadores que se incorporaban eran capaces de atraer recursos para finalmente chegar a cubrir os seus propios salarios, senón que xeraban recursos para poder contratar a terceiras persoas para desenvolver proxectos de investigación. Avisa a súa satisfacción polo feito de que a UVigo sexa quen de tomar esta iniciativa, e agarda que a Xunta de Galicia se convenza a partir da mesma da importancia que tería unha convocatoria destas características para a comunidade. Entende que é un primeiro intento e que, nese sentido, é

mellorable, pero reitera en amosar a súa leducia porque con este tipo de convocatorias estamos tamén a lanzar a mensaxe de que non somos un país de segunda, senón de primeira.

O reitor toma a palabra para sinalar que a motivación primeira deste programa é, efectivamente, atraer talento de alto nivel, agora ben, nace coa vocación de trasladar unha mensaxe contundente á Xunta de Galicia. Os representantes da Xunta de Galicia non entenderon que manter o programa IMAN era fundamental para este país. Posteriormente, dende o goberno autonómico comezouse a percibir a importancia deste tipo de programas e de aí xurdiu o programa OPORTUNIUS. Pero agora mesmo, o goberno autonómico non é quen de poñer en marcha un programa sucedáneo deste e non é capaz de atraer investigadores de prestixio. Dende a UVigo imos comezar a facer unha pedagogía visible, respondendo ás nosas necesidades pero explicando á Xunta de Galicia o por que deste programa, e do que estamos seguros que, finalmente se beneficiarán, unha vez máis, non só a UVigo senón tamén o resto de axentes do SUG. Xa que logo, este Consello de Goberno, se aproba este programa, está a trasladar unha mensaxe contundente á Xunta de Galicia. Remata indicando que valora moi positivamente as intervencións que se teñen producido polos membros do Consello de Goberno en relación con este punto.

Apróbase por asentimento (**Anexo V**).

Punto 12. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Producción de Investigación aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2014.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia.

A vicerreitora explica que a investigación e a transferencia de coñecemento son elementos clave da actividade da Universidade, e a utilización de métodos axeitados de avaliación constitúe unha ferramenta para a súa incentivación e a definición e fortalecemento das liñas estratéxicas da institución.

O sistema de avaliación formulado na Universidade de Vigo baséase en dous tipos de indicadores, complementarios entre si: a produción de investigación e a produción de transferencia.

Os criterios de avaliación da produción de investigación que hoxe se presentan serán aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2014. Mantense o esquema xeral dos criterios utilizados na última edición, considerando a avaliación de 4 tipos de contribucións: libros, revistas, tese de doutoramento e publicacións derivadas de congresos.

No apartado de libros, valóranse a autoría e a edición de libros completos ou de capítulos, considerando categorías de puntuación en función do ámbito de publicación.

No de revistas, mantéñense tamén os tipos de contribución (autoría de artigos, participación en comités editoriais e revisión de artigos) e a categorización de revistas; revisouse á alza a puntuación asignada pola participación en comités editoriais de revistas tipo A.

Nos apartados de tese de doutoramento e publicacións derivadas de congresos non se formulan cambios significativos, aínda que se introduciron algunhas aclaracións relativas aos méritos avaliados.

No que respecta a cuestións relacionadas co procedemento xeral de avaliación, mantense en termos xerais o da edición anterior.

Por último, indicar que estes criterios foron aprobados por unanimidade en Comisión de Investigación do 13 de xullo de 2015.

O reitor cede a palabra á profesora Belén Rubio Armesto, quen, en nome do seu centro, manifesta estar en contra da desigualdade entre ámbitos que esta normativa recolle. Con estes criterios, continúa, a mensaxe que se está a trasladar ao ámbito científico experimental é que se outorga igual valor a un artigo de divulgación cá un artigo dunha revista tipo A. Unha vez que se ten creado o programa de recoñecemento da produción da transferencia, considera que non ten sentido manter este tipo de criterios entres os contemplados para avaliar a produción de investigación. Así, ao seu parecer, non se está valorando a auténtica e real produción de investigación nesta universidade. Por todo isto, adianta o seu voto negativo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia, quen comeza por agradecer todas as aportacións, conxugando todas as sensibilidades de todos os ámbitos. Indica que se debe comprender a dificultade de concretar criterios que sexa do agrado e gusto de todos e á vez que permitan simplificar os procedementos.

O reitor cede a palabra á profesora Belén Rubio Armesto, quen insiste na súa anterior intervención, sinalando que se deben establecer criterios que camiñen cara a igualdade de todos os ámbitos e non ao contrario.

O reitor toma a palabra para lamentar que o sentimento e a percepción dende o ámbito das ciencias experimentais, de ser así, sexa o que está a poñer de manifesto Belén Rubio. Síntese contrariado polo feito de que se poida chegar a dicir que nesta universidade non se valoran as publicacións científicas, e así, continúa, entendería que se discutan os criterios de valoración pero que de aí se derive que non se valora a produción científica, é algo simplemente inaceptable. Comparemos, indica, con calquera outra universidade. Sinala que como reitor está disposto a ter un debate aberto con toda a xente de ciencias e ver cal é o argumentario que empregan para soste esa postura. Por outra parte, a revisión e, no seu caso, corrección de baremos de produción de investigación facémolos cada tres anos, en función dunha análise dos resultados e erros detectados.

O reitor cede a palabra á profesora Belén Rubio Armesto, quen insiste na súa visión e pide que os criterios sexan iguais para todos os ámbitos.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia, quen sinala que se está potenciando a investigación científica, que ademais este programa debe ser entendido como unha ferramenta de incentivación e non de avaliación. Volve insistir, seguindo ao reitor, en que a revisión de baremos se fai en ciclos de tres anos. Por último, sinala que descoñecía o malestar do ámbito de ciencias experimentais referido por Belén Rubio ata este Consello de Goberno e solicita que, cando así sexa, se lle fagan chegar estas aportacións ou queixas con antelación para valoralas e tomalas, no seu caso en consideración, como se fai dende outros ámbitos ou por outras persoas.

O reitor cede a palabra ao profesor Xosé Carlos Álvarez Villamarín, quen considera, na súa opinión, que unha das mellores accións de goberno que se lle debe Alternativa Universitaria é precisamente saber entender a diferenza. Todos/as, continúa, facemos ciencia. Polo tanto, o meu apoio a que se mida de xeito diferente o que é diferente. Se entramos nesas comparanzas poderíamos poñer sobre a mesa a ratio profesor/a/alumno/a por ámbito de coñecemento e veríamos cales son os resultados. O profesorado do ámbito xurídico-social valora positivamente o traballo científico que se fai dende outros ámbitos e síntese orgulloso do mesmo.

O reitor toma a palabra para centrar o debate e indicar que, simplemente, nesta proposta que trae a vicerreitora de Investigación e Transferencia hai unha liña continuista, porque non correspondía neste ano facer unha revisión dos baremos. Insiste en que se trata dun programa entendido como modelo de incentivo e non de avaliación da produción de investigación. Por último, mesturar isto coa idea de que na UVigo non se valora a produción de investigación e que non se apoia a investigación é totalmente equivocado e simplista. O que hai que facer dende os ámbitos de coñecemento ou dende posicións persoais son propostas construtivas e non unha crítica conceptual que non resolve nada.

Apróbase (**Anexo VI**) por 26 votos a favor e 1 abstención.

Punto 13. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Produción de Transferencia aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2014.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de investigación e transferencia.

A vicerreitora de investigación e transferencia explica que, como xa se indicou no punto anterior, a Universidade de Vigo formula un sistema de incentivación estratéxica da actividade do seu persoal

investigador baseado en dous tipos de indicadores, complementarios entre si: a produción de investigación e a produción de transferencia.

Os criterios de avaliación da produción de transferencia que se someten a aprobación deste Consello de Goberno serán aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2014. Tamén neste caso se mantén o esquema xeral de avaliación da edición anterior, considerando os elementos máis significativos da actividade de transferencia dende unha perspectiva de calidade e excelencia, e tendo en conta as particularidades dos diversos ámbitos de coñecemento.

Considérase a avaliación de 9 tipos de contribucións: 1) Proxectos, colaboracións e convenios con empresas, 2) Contratos de licenza, 3) Propiedade industrial, 4) Creación de empresas de base tecnolóxica (EBTs), 5) Resultados da creación artística, 6) Creación literaria, 7) Software libre e Open Source, 8) Actividades promocionais, e 9) Actividades de Transferencia Social, cultural e educativa.

No que respecta a cuestións relacionadas co procedemento xeral de avaliación, é análogo ao da Produción de Investigación, e preténdese que sexa o máis sinxelo, estandarizado e transparente posible.

Por último, indicar que estes criterios foron aprobados por unanimidade en Comisión de Investigación do 13 de xullo de 2015.

Apróbase por asentimento (**Anexo VII**).

Punto 14. Aprobación, se procede, do novo Regulamento para a realización do Traballo de Fin de Grao.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de estudantes, quen explica que o novo regulamento trata de dar solución aos problemas detectados tanto polo equipo de goberno como por parte dos centros, dos servizos e do estudantado na aplicación do regulamento anterior, e di que vai mencionar só aquelas novidades máis salientables. Despois da súa intervención os membros do Consello de Goberno poderán preguntar por calquera outra cuestión que requira aclaración.

A vicerreitora explica que a meirande parte dos problemas derivan da redacción do artigo 8.11, que foi interpretado de maneira diferente polos distintos centros desta Universidade. Este artigo di que “O traballo de fin de grao debe ser cualificado en acta unha vez que se teña constancia de que a/o estudante dispón de todos os créditos para obter o título oficial de grao, salvo os correspondentes ao propio traballo”. Uns centros interpretaron que a defensa do TFG so se podería realizar unha vez que o alumnado tivera superados todos os créditos restantes da titulación, en liña co RD 1393/2007, que di que ‘os ensinos de grao concluirán coa elaboración e defensa dun TFG’ e que tamén di que o TFG ‘avalía as competencias asociadas ao título’. Esta é tamén a interpretación que fan do RD a USC e a UDC, así como a meirande parte das universidades españolas. Outros centros, sen embargo, permiten explicitamente nos seus regulamentos a defensa do TFG con materias nos superadas. Esta práctica, que se fai en beneficio do estudantado, está a xerar dous tipos de reclamacións por parte daquel alumnado que aproba o TFG e non supera todas as materias: (i) o estudantado debe matricularse de novo do TFG (e aboar as taxas correspondentes) e (ii) a cualificación que reflicte a acta (non presentado) non corresponde coa cualificación que os tribunais de TFG dos centros publican e/ou comunican por escrito ao alumnado. O equipo de goberno considerou a primeira das reclamacións moi xustificada, e intentou que o TFG xa elaborado e depositado se recollera no decreto de taxas e prezos públicos como unha materia sen docencia, para que o estudantado tivera a correspondente redución de taxas na segunda matrícula. Esta solicitude non foi atendida porque os estudos integrados no EEES están regulados polo RD 14/2012 de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, no que non se contemplan reducións nas materias sen docencia. Ante esta negativa, o equipo de goberno decidiu asumir a redución, polo que unha das novidades importantes do novo regulamento é o artigo 4.5, que dá dereito a una matrícula reducida do 25% do coste da primeira matrícula ao estudantado que depositara o traballo no centro co informe favorable da persoa titora, pero non puidera defender por non cumprir os requisitos de defensa. A segunda das reclamacións (que a cualificación que reflicte a acta -non presentado- non corresponde coa cualificación que os tribunais de TFG dos centros publican) xustifica outra das

novidades do novo regulamento, incluída no artigo 7.7. que é non permitir a defensa e avaliación do TFG ata que se teña constancia de que o estudante superou todos os créditos necesarios, agás os correspondentes ao propio TFG.

O novo regulamento tamén recolle os límites máximos e mínimos de celebración das defensas (mínimos, os correspondentes aos ECTS do TFG, e máximos os marcados polo calendario oficial da Universidade de Vigo). Isto, xunto coa posibilidade de xerar actas individuais, dá resposta tamén a unha demanda do estudantado e dalgúns centros, pois facilita a realización de trámites para os que é preciso a constancia da finalización dos estudos (como preinscrición en máster, incorporación ao mundo laboral, etc.) e permite adiantar a finalización dos estudos).

Outra novidade importante deste regulamento é o establecemento dun protocolo para a realización e defensa do TFG noutras universidades. O RD 1393/2007 establece que os créditos correspondentes ao TFG non poderán ser obxecto de recoñecemento. Dende SICUE fíxose unha consulta ao Ministerio, porque o RD parecía estar impedindo que os estudantes participaran en programas de intercambio no último ano dos seus estudos. O Ministerio aclara que *los estudiantes Erasmus y Séneca pueden matricularse del TFG en sus universidades de origen y realizarlos en su universidad de destino... siempre que el acuerdo de equivalencias entre ambas universidades contemple esa posibilidad*. O artigo 9 do regulamento que se somete a aprobación establece unhas liñas xerais de actuación para a realización e defensa dos TFGs nestes casos.

Outras diferencias importantes entre o novo regulamento e o anterior son o facer preceptivo o informe favorable do titor ou titora para autorizar a defensa e permitir que, se o centro así o recolle na súa normativa interna, os tribunais podan estar formados por profesores do centro e non só por profesores da titulación.

A vicerreitora informa da recepción esa mesma mañá dun escrito dos/das representantes do estudantado solicitando unha serie de cambios á proposta de novo regulamento, e manifesta o seu profundo malestar, tanto polo ton como polo contido do mesmo. Lembra que o texto que se somete a aprobación foi negociado co estudantado durante todo o proceso e incorpora boa parte das súas suxestións.

A vicerreitora remata a súa intervención agradecendo aos representantes do estudantado a súa colaboración e actitude proactiva na elaboración de este regulamento, así como a distintos membros do PAS, do PDI e dos equipos de dirección de diferentes centros polas súas suxestións e achegas que sen dúbida contribuíron a que o documento final resolva boa parte dos desaxustes resultantes de aplicación do anterior regulamento.

O reitor cede a palabra á profesora M.^a Rosa Pérez Rodríguez, quen, en primeiro lugar, considera que o documento está ben feito, resolve problemas. Pregunta, non obstante, se atendendo ao art. 8.5 do regulamento non hai problema para entender que un centro decida que o titor poida formar parte do tribunal avaliador dos TFG.

Iníciase un debate sobre este punto, no que a vicerreitora de Estudantes sinala que o espírito da norma e do artigo en cuestión era precisamente o contrario e que, efectivamente, agora á vista da redacción do mesmo pódese entender outra cousa. Polo tanto, posiblemente haberá que proceder á súa modificación.

O reitor cede a palabra ao representante do alumnado Luis González Varela, quen agradece á vicerreitora de Estudantes todo o traballo realizado, o diálogo construtivo mantido en todo momento co alumnado e indican que en absoluto se propoñen votar en contra deste regulamento. Non había intención de afectar á vicerreitora de Estudantes no escrito presentado, e máis alá dalgunha puntualización referida, por exemplo, ao art. 7 e ao art. 8 do regulamento, están de acordo co documento e votarán a favor do mesmo.

O reitor indica que se está solicitando á aprobación do documento, autorizando á súa vez ás correccións técnicas que sexan precisas.

O reitor cede a palabra ao profesor Manuel Joaquín Reigosa Roger, quen sinala que se o espírito do documento era impedir que os titores formasen parte do tribunal, entón haberá que deixalo claro.

O reitor cede a palabra á profesora M.^a Beatriz Vaquero Díaz, quen advirte que incluír unha cláusula dese tipo significaría, en centros como o seu, impedir que se puidese constituír o tribunal.

Apróbase por asentimento (**Anexo VIII**).

Punto 15. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do departamento de Teoría do Sinal e Comunicaciós.

O reitor informa de que é función do Consello de Departamento aprobar o seu propio regulamento. O regulamento que aquí se presenta foi realizado de acordo co informe da Asesoría Xurídica e da Secretaría Xeral.

Apróbase por asentimento.

Punto 16. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado contra o proxecto de Regulamento de réxime interno do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicaciós.

O reitor indica que un grupo de profesores do departamento presentaron un recurso contra o proxecto de regulamento. O 29 de xuño o Consello de Departamento aprobou o regulamento incorporando as correccións indicadas pola Asesoría Xurídica e a Secretaría Xeral, como se puxo de manifesto no punto anterior.

O reitor cede a palabra ao representante sindical José Bienvenido Diez Ferrer, quen dá lectura, en calidade de representante dos traballadores, a un escrito dos profesores que presentaron o devandito recurso de alzada (**Anexo IX**).

A continuación iníciase un debate sobre a procedencia da orde dos puntos 15 e 16 do Consello de Goberno. O reitor manifesta que a orde é a correcta.

Non se toma en consideración.

Punto 17. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Adenda Nº1 do Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad EAN* (Colombia) para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Compostela – *Co-operation framework agreement between the Universidade de Vigo and the University of Kairouan* (Túnez) – *Specific agreement between the Universidade de Vigo and the University of Kairouan* (Túnez) – Memorando de entendemento entre a Universidade de Vigo e a *Ocean University of China, Qingdao* – Protocolo de intencións entre a Universidade de Vigo e a *Universidade de Pernambuco* (Brasil).

Apróbanse por asentimento.

Punto 18. Elección de representantes na Comisión de Organización Académica e Profesorado

- a. Sector Estudantes: 1 vacante
- b. Sector PDI: 1 vacante

O reitor toma a palabra, e ao haber un só un candidato no sector estudantes, queda proclamado como membro da COAP, Luis González Varela.

O reitor cede a palabra a M.^a Rosa Pérez Rodríguez, quen renuncia á súa candidatura, de modo que habendo só outra candidatura polo sector PDI queda proclamado como membro da COAP, Íñigo Cuiñas Gómez.

Punto 19. Elección de representantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

a. Sector Estudiantes: 1 vacante

O reitor toma a palabra para indicar que ao non presentarse candidaturas esta praza continúa vacante.

Punto 20. Rogos e preguntas.

O reitor cede a palabra ao representante sindical Federico A. Fernández Fernández, quen fai dúas preguntas. A primeira destinada a coñecer se a Universidade está en disposición, se non o fixo xa, de avaliar os aforros derivados dos descontos pola realización da última folga. E quere saber se se destinaron a bolsas para o estudantado. Se non se fixo, pide que se lle dea a eses cartos ese destino.

En segundo lugar, quere saber se a UVigo vai contestar ao recurso de reposición en relación coa exención de matrícula para títulos de grao e posgrao.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía, quen contesta que no se fixo tal avaliación e que parecéndolle razoable esa proposta, isto requiriría unha modificación orzamentaria.

O reitor cede a palabra ao xerente, quen indica que si se contestou ao recurso de reposición referido.

O reitor cede a palabra ao representante sindical José Bienvenido Díez Ferrer, quen roga que se trate a cuestión de que se entende por “especialización” ao fío do asunto dirimido nos puntos 15 e 16 da orde do día de hoxe.

O reitor cede a palabra ao profesor Xosé Henrique Costas González, quen pregunta para cando a UVigo adoptará o nome de dominio “.gal”.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen responde que en breve.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 h. do día 17 de xullo de 2015, da que eu como secretario, por ausencia da secretaria xeral, dona Gloria M. Pena Uris, dou fe co visto e prace do reitor.

 O reitor
Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral

P.A. Virxilio Rodríguez Vázquez